

Dependencia XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 126.- ARASA		
Documento	Expediente	Fecha
XOB12I3YX	XOB/263/2018	13-09-18 17:38

EXPEDIENTE: **DIAGNOSE, REPARACIÓNS URXENTES E PLAN DE MANTEMENTO DOS MUROS DE CONTENCIÓN DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO BARRIO DE FONTIÑAS**

ASUNTO: **MEMORIA ECONÓMICA**

TIPO DE CONTRATO: **SERVIZOS**

PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN: **ABERTO**

A descrición dos traballos e as condicións técnicas que rexerán o contrato para a prestación do servizo de diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas, quedan definidas a través do Prego de Prescricións Técnicas Particulares que se adxunta.

O Prego consta de dúas (4) partes: a primeira parte (Documento nº I) na que se establecen as condicións xerais do contrato e tres anexos denominados:

- Acordo do Pleno da Corporación de 16/06/2017.
- Tipoloxías dos muros de contención do Barrio de Fontiñas
- Ámbito do estudo.

No caso dos servizos de asistencia técnica os honorarios profesionais poden variar moito en función das características concretas do profesional (experiencia, prestixio profesional, etc.), o que non permite establecer referencias fiables ao respecto.

Con anterioridade á aplicación da actual Lei 9/2017 de Contratos do Sector público, elaborouse o expediente XOB/22/2018, co obxecto de proceder á contratación da prestación do servizo de diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas. Esta tramitación planeouse inicialmente como un contrato menor no que se procedeu á solicitude de varias ofertas para a elaboración do documento, o cal permitiu establecer a estimación de honorarios profesionais a partir do coñecemento dos prezos de mercado. Trátase en todo caso de estimacións a efectos meramente orientativos xa que segundo a lexislación vixente os honorarios profesionais están liberalizados.

O orzamento máximo de licitación, sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, fíxase en:

FASE 1	CATALOGACIÓN E DIAGNOSE DE MUROS	18.500,00 €
	Levantamento de patoloxías, documentación fotográfica, identificacións de elementos, etc...	2.000,00 €
	Estudo Xeotécnico	8.000,00 €
	Realización de catas e ensayos	3.000,00 €
	Levantamento topográfico con identificación de alzados seccións, dimensións de muros, edificios, servizos afectados...	2.000,00 €
	Recopilación de documentación relativa á obra executada	1.000,00 €
	Elaboración de informe no que se inclúe clasificación de actuacións a realizar e estimación económica das mesmas	2.500,00 €
FASE 2	PLANIFICACIÓN E PREDESEÑO. ACTUACIÓNS URXENTES	3.500,00 €
	Planificación de actuacións urxentes incluíndo o deseño das mesmas e valoración económica estimativa detallada sen redacción de proxectos constructivos.	3.500,00 €
FASE 3	PLAN DE INSPECCIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO	3.000,00 €
	Elaboración de plan de inspección, conservación e mantemento con estimación de medios e recursos económicos.	3.000,00 €
SUMA		25.000,00 €
21% IVA		5.250,00 €
TOTAL HONORARIOS PARA A ASISTENCIA TÉCNICA		30.250,00 €

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

O xefe do Servizo de Programación e Proxectos e Obras

Antonio Ranedo Santillana



Concelleiro Delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial

Rafael Peña Vidal